



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OUTES

Bases reguladoras da convocatoria de bolsas para a adquisición de material informático

ANUNCIO

Por Resolución do Concello de Outes de data 28.10.2022, aprobaronse as seguintes bases:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO

“1. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos de concesión de axudas para afrontar gastos orixinados pola aplicación das novas tecnoloxías durante o curso escolar e facilitar o acceso ás ferramentas adecuadas e que deste xeito non se xeren situacións de exclusión social. Teñen como finalidade proporcionar axudas aos alumnos/as para adquisición de material informático co obxecto de facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades que permitan a tódolos colectivos o acceso ás novas tecnoloxías facilitando os recursos para levar a cabo a educación dende os seus domicilios.

2.- OBXECTO E FINALIDADE.

As novas tecnoloxías da información son un feito imparabile e que reporta importantes e variados beneficios a todos os que as usan. Porén o seu uso en ocasións pode causar prexuízos, un deles é o de separar mais as distancias económicas e culturais entre os sectores integrados no desenrolo tecnolóxico e a poboación excluída en dito desenvolvemento. A planificación de políticas sociais e educativas dirixidas a compensar as desigualdades no acceso ás tecnoloxías é unha necesidade urxente se o que pretendemos é que a sociedade da información non sexa para uns poucos senón para a inmensa maioría da poboación.

Tendo en conta ademais que a crise da COVID-19 evidenciou que é necesario estar preparado para poder desenvolver accións educativas non presenciais, motivo polo cal se fai necesario que as familias conten coas ferramentas adecuadas e que dese xeito non se xeren situacións de exclusión social.

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de axudas económicas ao alumnado dos niveis de primaria, secundaria obrigatoria, ciclos formativos, bacharelato, universitarios que adquiran material informático durante o ano 2022. O obxectivo é facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades, de trato e de acceso universal á educación en igualdade de condicións convócanse unhas axudas que permitan o acceso a tódolos colectivos ás novas tecnoloxías favorecendo así a a escolarización do alumnado nos seus domicilios, dotando ás unidades familiares das ferramentas informáticas necesarias.

3.- MATERIAIS SUBVENCIONADOS.

Esta convocatoria subvenciona a adquisición do seguinte material informático:

- Ordenadores portátiles.
- Ordenadores de sobremesa.
- Impresoras.

Poderá ser obxecto de subvención o material informático mercado a dende o 1 de Xaneiro de 2022.

4. FINANCIAMENTO.

Para o financiamento das mesmas existe crédito por un importe máximo de 6.000,00€ consignados na partida 2311-48001 destinada a tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Outes para o ano 2022. De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas as unidades familiares que conten con menos recursos.

5.-SOLICITANTES.

Poderán solicitar estas axudas todas/os as/os alumnos/as que durante o ano 2022, cursen estudos de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Universidade.

Non poderán solicitar estas axudas aqueles alumnos/as que fosen beneficiarios/as das mesmas na convocatoria do ano 2021.

Os/as solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Estar empadroado no Concello de Outes.
- Estar matriculados/as nalgún dos cursos dos niveis educativos indicados no parágrafo anterior. Para o caso de non estar matriculado nun curso completo (no caso de estudos universitarios) será preciso estar matriculado, cando menos, en tres materias.
- Non superar en ingresos as cantidades que se recollen na seguinte táboa. A Renda Per cápita Anual calcularase sumando a base impositible xeral e a base impositible do aforro da declaración da renda das persoas físicas de tódolos membros da unidade familiar e dividindo esta cantidade entre o número de membros que integran dita unidade familiar.

RENDA PER CÁPITA ANUAL	IMPORTE DA SUBVENCIÓN A PERCIBIR
Ata 6.000€ DE RPC	Ata un máximo de 350€
Dende 6.001€ ata 8.000€ de RPC	Ata un máximo de 200€

6.- CONDICIÓNS E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS

- A contía das subvencións reguladas nestas bases non poderá, illadamente ou en concorrencia competitiva con outras subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, superar o custo do material subvencionado.
- As subvencións reguladas nesta bases son compatibles con outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, sen prexuízo do que dispoña a normativa reguladora a últimas e sempre que se cumpra o requisito previsto no apartado 1 anterior.

7.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

- As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Outes ou en calquera outra das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
- As solicitudes presentaranse no modelo normalizado, que figura como Anexo I destas bases, xunto coa seguinte documentación:

- Copia do DNI do alumno/a e do solicitante (pai, nai ou titor), cando sexa menor de idade.
- Copia do Libro de Familia.
- Certificado de empadramento conxunto ou autorización expresa ao Concello de Outes para a comprobación dos datos do padrón.
- Copia da Declaración da Renda das Persoas Físicas do ano 2021 de tódolos membros da unidade familiar.

No caso de non dispoñer de datos fiscais, achegará certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2021 expedido polo organismo correspondente, das pensións da Seguridade social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar.

En defecto de todos os medios anteriores, declaración xurada de ingresos.

- Fotocopia ou resguardo da matrícula para o curso 2022/2023 ou certificado expedido polo centro escolar. Os estudantes universitarios presentarán a matrícula 2022/2023 onde consten as materias que están a cursar.
 - De ser o caso, documento acreditativo de vítima de violencia de xénero.
 - No caso de solicitudes para alumnos/as con necesidades educativas especiais presentarán certificado de grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% e informe educativo onde xustifique a necesidade especial educativa.
- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, o instrutor do procedemento requirirá que se emende no prazo máximo de 10 días hábiles coa advertencia de que, noutro caso, entenderase que a persoa interesada desiste da solicitude e esta será arquivada sen mais trámites.

8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

1. O procedemento de concesión das subvencións tramítase en réxime de concorrencia competitiva.
2. O órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local, trala proposta da Comisión avaliadora e, se é o caso, do informe das concellerías correspondentes.
3. A Comisión avaliadora estará formada polos seguintes membros:
 - Presidente: D. Manuel González López (Alcalde).
 - Secretaria/o: D^a. Irene Espasandín Bermúdez (Orientadora laboral).
 - Vogais:
 - D^a. Berta Buján Casanova (Traballadora Social).
 - D. Luis Pérez Barral (Técnico Normalización Lingüística).
 - Da. Juana Pedrosa Leis (Educadora Familiar)

Para constituír validamente a Comisión deberán concorrer, polo menos, tres dos seus membros. A proposta da Comisión deberá ser adoptada co voto favorable da maioría simple dos membros asistentes á sesión. En caso de empate, decide o voto de calidade do presidente.

4. O órgano instrutor será a unidade de Servizos Sociais do Concello ou a/o funcionaria/o en quen delegue. O instrutor poderá realizar de oficio as actuacións que xulgue necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se ditará a proposta de resolución.
5. A resolución da Xunta de Goberno Local notificaráselles ás persoas interesadas coa advertencia de que no prazo máximo de dez días realicen a aceptación da axuda. Esta notificación realizarase de forma colectiva mediante a inserción da lista no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello, identificando cada solicitude co número de rexistro asignado á solicitude.
6. A resolución definitiva de concesión porá fin á vía administrativa, polo que contra a mesma se poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día da recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.
7. O prazo de resolución e notificación do procedemento será de 1 mes dende que remate o prazo de presentación de solicitudes.

A Comisión avaliadora procederá á proposta de concesión de subvencións segundo aos criterios citados nestas bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta. En todo caso o importe total da mesma non poderá superar o crédito orzamentario existente para este fin.

9.- CRITERIOS PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A concesión e avaliación da contía das subvencións determinarase consonte os seguintes criterios:

- Considerarase unidade familiar a formada polos pai e a nai, o titor/a ou persoa que legalmente teña a custodia dun menor de idade, o/a estudante que solicita a axuda, os irmáns solteiros/as menores de 25 anos e os maiores de 25 anos con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente.
- No caso de familias monoparentais, familias numerosas ou familias nos que algún membro da unidade familiar que acredite o recoñecemento de dependencia ou dunha discapacidade igual ou superior ao 33%, e para os efectos do cálculo da renda anual a que se refire a base terceira desta convocatoria, incrementarase en 1 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
- Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero no contorno familiar, quedarán excluídos do cómputo de rendas os ingresos do agresor considerándose a familia como monoparental.

10.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios/as as seguintes:

1. Realizar a compra de material informático que motiva a concesión da subvención.
2. Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.

3. Someterse as actuacións de comprobación do concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro dos órganos competentes do concello, nacionais ou comunitarios, e aportar a información que lle requiran no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle ao concello de Outes se obtiveron outras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas cando coñeza esa circunstancia e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación que lles deu aos fondos percibidos.
5. Conservar os documentos xustificativos dos fondos recibidos.

11. XUSTIFICACIÓN.

1. Realizada a compra do material informático para o que se concedeu a subvención, os/as beneficiarios/as xustificarán os gastos e ingresos derivados delas. Para iso deberán presentar a conta xustificativa (Anexos III e IV destas bases). De non presentar en prazo e forma esa xustificación, perderán o dereito á subvención concedida, sen prexuízo do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2. O prazo máximo para presentar a xustificación será o de trinta (30) días naturais desde que se notifique a concesión.

3. As persoas beneficiarias deberán presentar xustificantes, como mínimo, pola totalidade da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe dos gastos que se xustifiquen documentalmente deberá ser igual ou superior á totalidade dos ingresos obtidos e declarados por calquera concepto.

4. Admitiranse como xustificantes as facturas e os demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, en orixinais ou fotocopias compulsadas. As facturas deberán cumprir os requisitos do RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación. En particular, deberán especificar os diferentes conceptos e os seus prezos unitarios, así como a base imponible, e o tipo e a cota de IVE aplicado.

5. Se a documentación tivera defectos ou erros, dáselle ao beneficiario/a un prazo de 7 días naturais para emendalos e se non os emenda, a xustificación considérase como non presentada polo que o beneficiario/a está obrigado a presentar unha nova consonte estas bases.

6. A subvención reducirase ata a contía correctamente xustificada cando a xustificación non acade o importe total da axuda outorgada.

7. A xustificación será aprobada polo órgano que concede a subvención.

9.-PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Outes aboará a subvención na modalidade de pago anticipado unha vez notificada e publicada a relación de beneficiarios.

10.-PROTECCIÓN DE DATOS.

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Outes. Os datos serán tratados coa finalidade específica das axudas de material informático destinados a alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación profesional. Durante o ano 2022, de conformidade coa regulación establecida pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación. A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación das persoas interesadas nesta convocatoria de axudas. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Outes poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfiles, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Outes).

11. DISPOSICIÓN FINAL.

Para o no regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO ANO 2022**ANEXO I****SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.**

NOME		
DNI		
ENDEREZO		
LOCALIDADE		
TELÉFONO		Enderezo electrónico

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Outes para a compra de material informático destinadas a alumnos/as matriculados en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Universidades durante o ano 2022 SOLICITO, ao amparo da mesma, a concesión dunha achega para os gastos que se indican de seguido destinada ós estudantes:

NOME E APELIDOS	CENTRO ESCOLAR	CURSO

Documentación que se aporta co modelo de solicitude:

- Fotocopia do DNI do membro da familia que solicite en nome do/da alumno/a, cando este sexa menor de idade.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas de tódolos membros da unidade familiar correspondente o último exercicio fiscal.
- No caso de non dispoñer de datos fiscais, certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2021 expedido polo organismo correspondente, das pensións da Seguridade social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar.
- De non autorizar á consulta, xustificante de empadramento da unidade familiar.
- Xustificante da matrícula do/a alumno/a ou certificado expedido polo centro escolar.
- Documentación acreditativa do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante.
- De ser o caso, documento acreditativo de condición de vítima de violencia de xénero.
- De ser o caso, certificado de discapacidade ou dependencia.

Outes, de de 2022.

O/A solicitante

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO ANO 2022**ANEXO II****DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE**

D^a. _____
_____ co DNI. _____, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de material informático para o ano 2022

DECLARO:

1. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que non estou afectado en causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para percibir subvencións da administración pública.
2. Que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Outes poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que me fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
3. Que todos os membros da unidade familiar están ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
4. Que todos os membros da unidade familiar están empadroados no concello de Outes. Que o/a solicitante, así como os abaixo asinantes, únicos integrantes maiores de idade da unidade familiar, AUTORIZAMOS ao Departamento de Servizos Sociais a facer as comprobacións oportunas que certifiquen dita situación. (NO CASO DE NON OUTORGAR A AUTORIZACIÓN, O/A INTERESADO DEBERÁ APORTAR A CERTIFICACIÓN CORRESPONDENTE).

Outes, de de 2022.

O/A solicitante

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO ANO 2022**ANEXO III****DECLARACIÓN DOUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS**

D^a. _____

_____co DNI. _____, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de material informático ANO 2022 DECLARO

- Que para os mesmos fins que os da Subvención concedida polo Concello de Outes para a compra de material informático non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda pública.
- Que para os mesmos fins que os da subvención concedida polo Concello de Outes par aa compra de material informático obtivéronse as seguintes subvencións públicas:

ENTIDADE CONCEDENTE	FINALIDADE	CONTÍA

Outes, de de 2022.

O/A solicitante

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO ANO 2022**ANEXO IV****CONTA XUSTIFICATIVA**

D^a. _____
 _____ co DNI. _____, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de material informático ANO 2022

EXPÓN que

1. Foille concedida polo Concello de Outes unha subvención de _____ euros para compra de _____
2. Unha vez realizada a compra de dito material informático obxecto da subvención, aportase a xustificación da subvención concedida polo que

DECLARO

PRIMEIRO.- Que os gastos financiados con esta achega son os seguintes:

CIF EXPENDEDOR DA FACTURA	RAZÓN SOCIAL EXPENDEDOR DA FACTURA	N.º FACTURA	DATA EXPEDICIÓN	IMPORTE
TOTAL GASTOS				

SEGUNDO.- Que a/o solicitante, así como os abaixo asinantes, como únicos integrantes maiores de idade da unidade familiar, coñecedores das bases da convocatoria, ATOPÁMONOS ao corrente nas nosa obrigas fiscais e o paro cal aportamos a seguinte documentación:

- Certificacións de estar ao corrente da Axencia Estatal da Administración Tributaria
- Certificación negativa da Axencia Estatal da Administración Tributaria

Outes, a _____ de _____ de 2022

Asinado

O/A solicitante"

TERCEIRO.- Ordenar a publicación das anteriores bases no Boletín Oficial da Provincia aos efectos de cumprimento dos requisitos de publicidade das mesmas.

Outes, na data que figura á marxe

O alcalde

D. Manuel González López

Outes, 2 de novembro do 2022

O Alcalde-presidente

D. Manuel González López

Ante mío, A secretaria da Corporación

Da. Minia Astray Barca